

Serramoura

EPISODIO 25

"Serramoura, 1982"

DIÁLOGOS

Xosé Morais, Víctor Sierra, Alberto Guntín

ARGUMENTO

Xosé Morais, Víctor Sierra, Alberto Guntín

EDICIÓN DE GUIÓN

Alberto Guntín

VOZ AUDIOVISUAL

Versión de traballo (II)

01-04-2015

25.01. MONTE. EXT. DÍA/AMENCER. (FLASHBACK 1982)

CARME, FIGURACIÓN

Música. Non hai son nesta secuencia, só música.

Abrimos sobre una imaxe do monte, tranquilo, pacífico. Sobreimpreso aparece "Serramoura 1982". A cámara panea e amósanos un coche detido nunha pista do monte (o monte no que 33 anos despois descubren o cadáver de Carme).

Cortamos e vemos o corpo de Carme arrastrado polo chan. Non vemos quen o arrastra (polos pés), nin sequera as súas mans. Non sabemos se é home ou muller.

Corte a:

O corpo cae nunha foxa (axustar ó gravado no "presente").

Corte a:

Terra caendo sobre o corpo. (Non vemos nada de quen lanza a terra).

No chan, xunto ó burato onde están enterrando o corpo, vemos, primeiro, unha camisa manchada de sangue (que xa coñecemos)... despois unha pistola (que xa coñecemos) e despois... un coitelo manchado de sangue.

CABECEIRA**25.02A. DISPENSARIO. INT. NAT. DÍA (DÍA 1º)**

QUIQUE, TOMÁS, MARTÍN

Abrimos sobre un ollo de Quique. Martín está observándolle a pupila cunha luz.

QUIQUE Estou ben...

MARTÍN Caíches desmaiado no cuartel, así que ben non estás. ¿Que pasou, Quique?

Tomás está observando. Quique mira pra el un anaco.

QUIQUE Nada... Foi un momento de tensión... Unha crise de ansiedade.

MARTÍN ¿Motivada por...?

QUIQUE *(Escapulíndose)* Cousas do traballo.

Martín decátase da torpe desculpa. Pero opta por ignorala.

25.03. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 1º)

RAQUEL, DIEGO, MARGA, FIGURACIÓN (GARDA)

Raquel está sentada nunha mesa, bebendo auga, nerviosa. Marga e Diego están de pé diante ela. Non hai máis xente no cuartel. Raquel remata de beber auga.

MARGA Dixeches que sabes quen matou a mamá.

Raquel asente, nese momento entra un garda. Diego xírase cara a el.

DIEGO Déixanos sós, por favor.

MARGA *(Ó garda)* Espera. Que suban ó meu pai do calabozo. Quero falar con el.

O garda asente e retírase. Marga e Diego volven mirar pra Raquel.

RAQUEL Recordei que... Tomás estaba na casa.

MARGA ¿Tomás...?

RAQUEL Mamá estaba... facendo as maletas... Creo. E falaba con el. E Tomás sacou unha pistola. Era a pistola que atopastes xunto ó cadáver.

Marga e Diego míranse, estupefactos.

RAQUEL Estou segura. A pistola é de Tomás.

25.02B. DISPENSARIO. INT. NAT. DÍA (DÍA 1º)

TOMÁS, QUIQUE, MARTÍN

O rostro de Tomás, preocupado, mentres escoitamos:

QUIQUE(O.S.) Foi ansiedade, non é a primeira vez que me pasa.

MARTÍN(O.S.) *Xa, pois imos falar ti e mais eu con calma desas crises de ansiedade...*

TOMÁS *Por favor, Martín, déixanos un minuto. Necesito falar con Enrique.*

Martín asente e sae.

TOMÁS *Síntoo, Enrique, é culpa miña...*

QUIQUE *Tenente, non podo seguir ocultando que a pistola é súa.*

25.04A. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 1º)

DIEGO, MARGA, RAQUEL

Diego está sentado ó teléfono na mesa de Quique.

DIEGO *Grazas. E, por favor, non lle comuniques isto a ninguén ata que eu cho pida.*

Mentres, sentadas na mesa de Diego, Raquel e Marga falan.

RAQUEL *(Confidencial)* *Hai algo máis que recordei sobre aquela noite... que necesito contarche a soas.*

Marga asente e mira a Diego.

DIEGO *(Ó teléfono)* *Grazas.*

Diego colga. Vai onda Marga e Raquel.

DIEGO *Comprobei o número de serie da pistola... É de Tomás. Denunciou a súa desaparición hai trinta anos. Pero está rexistrada en Comandancia.*

Marga mírao sen saber como reaccionar.

DIEGO *Temos que detelo, Marga. É a arma do crime.*

Marga fai un xesto: agarda, déixame pensar.

RAQUEL *Foi el.*

DIEGO *Temos que detelo agora mesmo.*

25.02C. DISPENSARIO. INT. NAT. DÍA (DÍA 1º)

QUIQUE, TOMÁS, MARTÍN

Tomás fala con Quique.

TOMÁS Xa me ocupo eu da pistola.

QUIQUE ¿Que vai facer?

TOMÁS Non o sei.

QUIQUE Tenente, Marga e Diego...

TOMÁS Marga e Diego non poden saber que esa arma é miña.

Pausa. Quique mírao.

QUIQUE Necesito preguntarlle algo. ¿Foi vostede?
¿Matou vostede a nai de Marga?

Tomás mírao, abatido, afundido.

25.04B. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 1º)

DIEGO, MARGA, RAQUEL, MONCHO, FIGURACIÓN (GARDA)

Marga, pensativa... e por fin toma unha decisión. Dá media volta e diríxese a Diego e Raquel.

MARGA Necesitamos máis probas. Quero estar segura antes de detelo.

DIEGO Temos probas suficientes pra interrogalo e leva-lo caso ó fiscal.

MARGA Quero telo ben atado.

RAQUEL As cartas... As cartas falsas que recibía papá.

Miran pra ela.

RAQUEL Dixeches que tivo que escribilas o asasino, ¿non?

Marga asente.

DIEGO Comprobemos se a letra é a de Tomás.

Nese momento aparece un garda levando a Moncho á sala de interrogatorios. Ó velo, Marga encamiñase cara á sala de interrogatorios. Raquel fai amago de querer seguila, pero Diego impídello cun xesto amable.

25.05. CUARTEL/SALA DE INTERROGATORIOS. INT. DÍA (DÍA 1º)

MARGA, MONCHO

Marga entra.

MARGA ¿Que tal estás?

Moncho asente: ben.

MARGA Escóitame ben: se alguén che fai preguntas sobre a morte de mamá, non digas nada. ¿Oíches? Nada.

MONCHO Non tería moito que dicir, non recordo nada daquela noite.

MARGA Exacto. Non recordas nada. Mantente niso. (Pausa) Sei quen matou a mamá. E ímolo deter. Confía en min.

Marga dálle un bico ó seu pai, que quedou paralizado coa noticia, e sae.

25.06. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 1º)

MARGA, RAQUEL, DIEGO

Marga sae da sala e faille un xesto a Raquel.

MARGA Raquel...

Raquel vai onda ela. Marga entra no despacho seguida da súa irmá.

25.07A. CUARTEL/DESPACHO DE TOMÁS. INT. DÍA (DÍA 1º)

RAQUEL, MARGA, DIEGO

Raquel e Marga falan a soas no despacho observados desde a zona común por Diego.

MARGA ¿Que é iso que me querías contar...?

RAQUEL Hai algo máis que vin aquela noite.

25.08. INSERTO CASA DE MARGA. INT. NOITE (FLASHBACK)

CARME, TOMÁS

Recuperamos o breve momento en que Tomás e Carme se bican (Sec. 24.82).

25.07B. CUARTEL/DESPACHO DE TOMÁS. INT. DÍA (DÍA 1º)

RAQUEL, MARGA, DIEGO

Volvemos ó cuartel:

RAQUEL Mamá e Tomás... estaban xuntos.

Pausa. Marga está paralizada.

RAQUEL Vin como se bicaban. Había algo entre eles..

MARGA Por agora que isto quede entre ti e mais eu.

Raquel asente. Marga sae seguida de Raquel.

25.09. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 1º)

MARGA, RAQUEL, DIEGO

Marga achégase a Diego, que está ó teléfono.

DIEGO Entendido, señoría. Non se preocupe.

Colga.

DIEGO O xuíz estará aquí pola tarde. Quere algo en firme sobre a morte da túa nai... ou acusará a Moncho. Temos seis horas.

MARGA Imos conseguir probas contra Tomás... e ímolo deter.

25.10A. VIVEIRO. EXT. DÍA (DÍA 1º)

HELENA, ROMÁN

Román está anicado entre os piñeiros de cultivo do viveiro. Mira cara a eles, preocupado. Nun par deles, acumúlase fungo grisáceo.

ROMÁN *(Pra si)* Merda...

Achégase Helena por detrás. Vestida pra traballar no viveiro. Leva na carreta un saco de fertilizante¹.

HELENA ¿Que pasou?

ROMÁN Botrytis cinerea. Un fungo cabrón que mata as plantas.

Helena anícase ó seu carón, pero Román nin a mira, agoniado polo que está a ver.

HELENA ¿E que imos facer?

ROMÁN Hai que sulfatar todo o viveiro. E avisa-los clientes ós que lles replantamos nos últimos dous meses.

HELENA ¿Tan malo é?

ROMÁN *(Sinala os manchóns grises)* Isto é coma a peste. Ou o atallas rápido, ou estamos ben fodidos.

Román érguese.

ROMÁN Faime un favor. Vai ó pendello e busca un saco de sulfato. Está ó lado de onde colliches ese. Colle a máquina. Catro partes de auga por unha do produto.

¹ Ou o que se poida conseguir.

HELENA Como digas.

ROMÁN E anda con ollo. É velenoso.

Helena xa está de camiño. Vólvese e sorri. Pero Román xa non a mira, agoniado como está. Volve anicarse.

25.11. VIVEIRO/PENDELLO. INT. NAT. DÍA (DÍA 1º)

HELENA

Helena entra no pendello. Ferramentas, sacos, semente e aparellos de sulfatar. Achégase a unha morea de sacos. Ó seu carón, un saco distinto, doutra cor e cun visible sinal de produto tóxico.

Queda mirando pra el. Algo pasa pola súa cabeza. Volve en si. Anícase e abre o saco, disposta a obedecer as instrucións de Román.

25.10B. VIVEIRO. EXT. DÍA (DÍA 1º)

ROQUE, ROMÁN

Román camiña entre as plantas, buscando máis sinais do fungo gris. Non se decata de que ata onde está se achega Roque.

ROQUE ¿Falaches xa con Ramiro?

ROMÁN (Ó seu) Temos problemas.

Roque mira onde lle indica Román.

ROQUE Fungo gris.

ROMÁN Xa está a túa filla preparando o sulfato.

ROQUE ¿Pedíchesllo ti?

ROMÁN Non imos sobrados de tempo.

Roque vai deixando saír pouco a pouco a carraxe contra os Fiúza proxectada en Román.

ROQUE Helena non colleu unha sulfatadora na súa vida.

ROMÁN Un deporte caralludo...

ROQUE Non me fai graza que ande con veneno.

ROMÁN *(Ignórao)* E sobre o de Ramiro...

ROQUE ¿Que quería?

ROMÁN Presuposto pra reforestarlle uns ferrados que lle vendeu a Evaristo. Xa asinei o contrato con el.

ROQUE Sen dicirme nada.

ROMÁN Estoucho dicindo agora.

ROQUE Menos mal que somos socios. Calquera pensaría que son o teu empregado.

ROMÁN *(Normalizándoo)* Perdoa, estou afeito a decidir eu as cousas...

ROQUE Non. Estás afeito a que todo o mundo che obedeza sen chiar. Porque es un Fiúza.

A Román estráñalle a virulencia de Roque.

ROMÁN Roque...

ROQUE Es coma teu pai. Pensas que Serramoura é túa. E que tódolos que vivimos aquí estamos pra o que queirades. E non che importa a merda que sementades ó voso paso.

Román intenta contemporizar.

ROMÁN Non son meu pai.

Roque, a duras penas, consegue acougar.

ROQUE Non. Non o es. Aínda que moitas veces o pareces.

Roque comeza a afastarse.

ROQUE Voulle axudar a miña filla, antes de que se manque...

Roque afástase. Román alza a voz pra que o escoite.

ROMÁN Meu pai tampouco é como o pintan.

Roque ignórao. Segue camiñando. E pra si:

ROQUE De teu pai xa me ocuparei máis tarde.

25.12. TRANSICIÓN CÁRCERE. EXT. DÍA

25.12. LOCUTORIO. INT. DÍA (DÍA 1º)

SANTOS, TERESA, EVARISTO

Santos senta no locutorio. Ten diante a Teresa e a Evaristo.

SANTOS Ordiá. O dúo dinámico.

EVARISTO Alégrome de que consérve-lo humor.

TERESA Pra el é como estar na casa.

SANTOS Diga que si, señora. Ata estou pensando en apuntarme a pilates. *(Serio)* ¿Que queredes?

TERESA Un trato.

EVARISTO Gustaríache saír, ¿non?

Santos fai un xesto de indiferenza.

EVARISTO É doado. O único que temos que facer é retira-los cargos.

SANTOS Moi xenerosos. ¿E canto me vai custar?

EVARISTO O serradoiro. Véndesme a túa parte pola cantidade simbólica de un euro e es libre. Así de sinxelo.

SANTOS Un euro...

Teresa pega un billete de cinco contra o cristal.

TERESA Convido eu.

SANTOS *(Ri)* Oi, que rancorosa. Cos bos momentos que compartimos ti e mais eu. Como aquela vez que o teu fillo se pegou un tiro na cabeza...

TERESA Es un canalla...

SANTOS Non cho nego. Pero teño as miñas virtudes... O que pasa é que aínda non me coñeces ben.

EVARISTO Mira, aforra a chulería pra os teus compañeiros de cela, que a min xa me tes aburrido. Se queres saír, vende.

SANTOS Vale.

EVARISTO ¿Valo facer?

SANTOS Si, home, si. Que ese avogado teu redacte o contrato. Asinarei o que me poñan diante.

Santos levántase e mira fixamente a Teresa.

SANTOS Aburiño, señora.

Mándalle un bico a través do cristal e ri.

25.13. CASA DOS FIÚZA. INT. DÍA (DÍA 1º)

EVARISTO, HUGO, GLORIA

Hugo está poñendo dúas copas.

HUGO Haberá que celebralo...

EVARISTO Non sei, neste asunto hai algo... estraño.

HUGO Asinou os contratos. O serradoiro é teu.

Evaristo bebe en silencio, preocupado.

HUGO Evaristo, ¿que che preocupa?

EVARISTO Nin sequera releou.

HUGO Porque sabía que non lle quedaba outra.

EVARISTO Está arruinado. O normal sería que intentase sacar tallada. *(Pensativo)* Os homes coma el non se renden facilmente. Só esperan que te confíes pra saltarache ó pescozo.

HUGO Estás paranoico.

EVARISTO Pode ser. Pero de agora en diante non lle penso quitar ollo. E ti tampouco.

Soa o timbre. Hugo vai abrir.

HUGO Santos está acabado. Quedou sen un peso, así que volverá ós seus antigos negocios. Eu preocuparíame máis por Teresa Soutelo.

Entra Gloria.

GLORIA (A Hugo, con desprezo) Ás veces penso que vives aquí...

EVARISTO ¿Que queres?

GLORIA Falar contigo. A soas.

HUGO (A Evaristo) Non che convén.

GLORIA Qué bonito. Mira como se preocupa o teu cadeliño...

EVARISTO (A Gloria) No despacho. (A Hugo) Tranquilo, está controlado.

Entran. Hugo queda fóra.

25.14. CASA DOS FIÚZA/DESPACHO. INT. DÍA (DÍA 1º)

EVARISTO, GLORIA

Entran.

EVARISTO ¿Como che vai, Gloria? ¿Segues tombando paus no monte?

GLORIA Quero o divorcio.

EVARISTO ¿Entráronche as présas por amaña-los papeis?

Gloria non lle entra ó trapo.

EVARISTO Se agora tes présa só pode ser por dúas cousas: porque tes un home ó que levar ó altar... cousa que non é; xa sabes, isto é unha vila pequena; as noticias voan. Ou porque precisas cartos.

Evaristo senta. Recóstase na cadeira. Calquera podería dicir que goza co momento.

EVARISTO ¿Canto?

GLORIA ¿Cartos? Nin un peso. Xa cho dixen.

EVARISTO ¿Entón?

GLORIA Quero a túa parte do serradoiro.

Evaristo queda en silencio, pampo. Gloria sorrí.

GLORIA Non poñas esa cara. É unha vila pequena; as noticias voan.

25.15. TABERNA/RESERVADO. INT. DÍA (DÍA 1º)

SANTOS, PANCHO

Pancho está facendo solitarios cando entra Santos.

PANCHO Desta vez non tardaron en soltarte.

SANTOS E menos mal. Hai tantos tipos alí dentro que ata a vella me tiña o seu aquel.

PANCHO ¿E agora, que? ¿Fíaste de Gloria?

SANTOS Non me fío de ti, voume fiar desa lagarta..
(Xesto de dúbida) Non sei. Xa veremos.

Santos colle a cervexa de Pancho e bebe.

SANTOS Págame unha cervexa, anda, que estou sen un can.

Pancho obedece e vai á barra. Santos queda pensativo.

25.16. TABERNA. INT. DÍA (DÍA 1º)

SANTOS, PANCHO, ÁLEX, HELENA, LUZ, FIGURACIÓN (CLIENTES)

Pancho achégase á barra. Sitúase a carón de Álex, que toma un café. A Luz:

PANCHO Dáme un par de cervexas, anda...

E pon cartos por riba da barra. Pancho decátase da incomodidade de Álex.

ÁLEX ¿Ti tampouco me vas falar?

PANCHO ¿E por que non o ía facer?

ÁLEX Todo o mundo pensa que escribín ese artigo de merda.

PANCHO Todo o mundo non son eu. *(Sentido)* Son teu pai. Aínda que ultimamente non exerza moito.

Álex vólvese a el. Fai un aceno sinalando a Santos, que agarda no reservado. Mentres, Luz achégase coas cervexas.

LUZ Aquí tes.

PANCHO Cobra de aí.

Luz marcha cos cartos.

ÁLEX Todos témo-la nosa cota de miseria.

Pancho sorrí, cun punto amolado.

PANCHO Polo menos, a miña miseria págame a fin de mes.

Álex sorrí. Helena entra pola porta. Pancho decátase.

PANCHO E a túa acaba de entrar pola porta.

Álex vólvese. Ó ver a Helena, non pode evitar un aceno de noxo. Helena aínda ten o ollo marcado do puñazo de Álex². Colócase fronte a ela. Os presentes decátanse da situación. Prestan a súa atención ás dúas rapazas.

LUZ Imos te-la festa en paz, ¿si?

ÁLEX ¿Que queres?

HELENA Mira, sei que todos podemos ter un mal día.

ÁLEX Eu podo ter un mal día. Ti es mala persoa.

Helena, teatral, colle alento e contense pra seguir.

² Ver episodio 24.

HELENA Quero que saibas... que che perdoo.

ÁLEX Pero... Hai que ter cara...

PANCHO Álex...

ÁLEX ¡¡Que me perdoa?? Pero se foi ela a que mentiu, a que escribiu...

PANCHO *(Tallante)* ¡¡Álex!!

Álex cala. Pancho achégase e fálalle sen que ninguén o escoite.

PANCHO Mira ó teu redor. Fága-lo que fagas, diga-lo que digas, esta partida tela perdida.

Álex decátase de que seu pai ten razón. Acouga.

ÁLEX *(Seca)* Vale. Moi ben. ¿Algo máis?

Helena, na súa liña impostada, achégaselle. E, sen que poida Álex evitalo, abrázaa. Álex non sabe que facer. Déixase. Aproveita pra falarlle ó oído.

ÁLEX Estás coma unha puta cabra.

Helena nin se inmuta. Sepárase dela co seu mellor sorriso.

25.17. CASA DOS FIÚZA. INT. DÍA (DÍA 1º)

EVARISTO, GLORIA, HUGO

Gloria mira a Evaristo, impaciente.

GLORIA Quero unha resposta.

EVARISTO ¿Foi idea túa ou de Santos?

GLORIA El non ten nada que ver.

EVARISTO Non, claro. El só se deita contigo.

Agora é Gloria a que amosa incomodidade. Evaristo pon unha copa. Gloria refaise; sorrí.

EVARISTO As noticias voan...

GLORIA Santos fode comigo cando a min me apetece. ¿Contento? Agora dáme o que é meu.

HUGO Iso non está tan claro..

GLORIA Hugo, fai o favor, que están falando os maiores, ¿eh?

EVARISTO Díxencho no seu momento. Son un home razoable. Estou disposto a pasarche unha pensión xenerosa.

GLORIA Non necesito as túas esmolos.

HUGO ¿Pra que queres un negocio? Cunha asignación poderías vivir moi ben, sen preocupacións..

GLORIA O serradoiro, Evaristo.

EVARISTO Esquécete. Cartos os que queiras, pero non vas poñe-las mans no serradoiro.

GLORIA Deberíalo consultar cun avogado. De divorcios, a ser posible. Tes ata esta noite.

Gloria sae.

HUGO Tes que ceder.

EVARISTO ¿Pero ti que dis? Non hai nin dez minutos querías que brindase..

HUGO Hai dez minutos non estaba en xogo unha demanda de divorcio. Algo así pódenos crear moitos problemas.

EVARISTO Resolverémolos.

HUGO Poden auditarnos, mete-los fociños nas contas..

EVARISTO (*Estoupa*) ¿Tanto me ten! Levo media vida atrás dese negocio e non llo penso dar a ninguén. E moito menos a ela.

HUGO Igual non che queda outra..

EVARISTO E-lo meu avogado. Busca a maneira.

25.18. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 1º)

DIEGO

Diego vixía na porta do cuartel. Marga e Raquel están no despacho de Tomás rexistrando caixóns e papeleiras.

DIEGO Apurade...

25.19. CUARTEL/DESPACHO DE TOMÁS. INT. DÍA (DÍA 1º)

MARGA, RAQUEL

MARGA Un segundo...

RAQUEL ¿Vale isto?

Raquel atopa o que buscaba: un papel na papeleira, manuscrito. Marga cólleo. Sae xunto a Raquel.

25.20. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 1º)

RAQUEL, MARGA, DIEGO, QUIQUE, TOMÁS, MONCHO, FIG (GARDA)

Marga e Raquel saen do despacho. Marga amósalle o papel a Diego.

MARGA Dez liñas escritas a man polo tenente.

DIEGO Chegan pra que un experto diga se foi el quen escribiu as cartas.

Nese momento entran Tomás e Quique. Pausa. Todos se miran.

MARGA ¿Que tal estás, Quique?

QUIQUE Ben, só foi... ansiedade. Non volverá suceder.

DIEGO Non te debín presionar tanto. Síntoo.

QUIQUE Non pasa nada, sarxento. Vou comproba-lo número de serie da pistola que apareceu co corpo... enseguida terei un nome.

Discreto cruce de miradas entre os presentes.

DIEGO Cando poidas.

Quique vai cara á súa mesa.

TOMÁS O xuíz acaba de chamarme.

MARGA Si, tamén falou con nós. Quere algo sólido pra hoxe.

TOMÁS Polo de agora só temos un sospeitoso: Moncho.

RAQUEL El non foi.

TOMÁS Raquel, unha cousa é que deixe que esteas aquí e outra que interveñas nas discusións sobre o caso.

Raquel vai dicir algo máis, pero cala.

TOMÁS Enrique descubrirá de quen era esa pistola que apareceu enterrada... e buscarémo-lo seu dono. *(Ve a Moncho na sala de interrogatorios e diríxese a un garda que está entrando)* Levádeo ó calabozo, por favor.

O garda leva a Moncho, de fondo, mentres Tomás mira a Marga e a Diego.

TOMÁS ¿Algo máis?

MARGA Non, máis nada, meu tenente.

Tomás asente e sae cara ó seu despacho.

MARGA *(A Raquel)* Agarda fóra, saio agora.

Raquel sae do cuartel mentres Marga lle fai un xesto a Diego e vai cara á sala de interrogatorios.

25.21. CUARTEL/SALA DE INTERROGATORIOS. INT. DÍA (DÍA 1º)

MARGA, DIEGO

Marga e Diego entran na sala e pechan a porta.

MARGA Vou falar cun perito calígrafo pra que compare a letra do tenente coa das cartas.

DIEGO Eu quero subir ó monte e axudar no rexistro da escena do crime. Se xunto ó corpo apareceu unha camisa manchada de sangue e unha pistola... pode haber algo máis enterrado.

MARGA Espera media hora, que non nos vexan saír ó mesmo tempo.

Diego asente. Marga e el saen.

25.22. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 1º)

DIEGO, MARGA, TOMÁS, QUIQUE

Diego e Marga saen cada un nunha dirección. El cara á súa mesa e ela cara á porta. Tomás, que estaba a falar por teléfono, colga e faille un xesto a Quique pra que entre. Quique vai cara ó despacho.

25.23. CUARTEL/DESPACHO DE TOMÁS. INT. DÍA (DÍA 1º)

QUIQUE, TOMÁS

Quique entra no despacho. Tomás estase preparando pra saír (colle chaves, chaqueta...)

QUIQUE ¿Que fago, meu tenente? Non podo demoralo máis. Teño que informar ó sarxento Bazán sobre o dono da pistola.

TOMÁS Dáme só vinte minutos.

QUIQUE ¿Que vai facer?

TOMÁS É mellor que quedes á marxe. Isto vaise poñer perigoso e non quero que te salpique.

Saen.

25.24. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 1º)

QUIQUE, DIEGO, TOMÁS

Tomás sae do cuartel. Quique mira pra Diego.

QUIQUE En vinte minutos terei a información sobre a pistola, sarxento.

Diego asente.

25.25. MONTE. EXT. DÍA (DÍA 1º)

TOMÁS, PEIXE

O coche de Tomás detense nunha pista. Achégase Peixe, que leva algo envolto nun trapo, e pásallo pola fiestra.

PEIXE O que me pediu, tenente.

Tomás abre o trapo: dentro hai unha pistola idéntica á que apareceu na escena do crime.

PEIXE Custou de carallo atopar ese modelo.

TOMÁS (Asente) Sobre isto, nin media palabra.

PEIXE Non, eu non son moito de falar, pero digo eu, por dicir algo, eh, que xa que lle fago a vostede este favor, pois podía face-la vista gorda sobre unhas plantas exóticas que me medraron na leira.

TOMÁS É mellor que cales, Peixe.

PEIXE Un par de euros non terá por aí...

Tomás arranca e marcha.

25.26. CASA DE MARGA. INT. DÍA (DÍA 1º)

ÁLEX, ROMÁN

Álex baixa as escaleiras da casa. Leva un biberón na man, usado pero baleiro. Está a falar polo móbil.

ÁLEX ...tanto me ten o que che custe facelo. Pero ese artigo ten que desaparecer. (...) ¿Queres razóns? Douche dúas. Unha: é un monte de merda cheo de mentiras. A segunda: leva o meu nome e non o escribín eu.

Petan na porta exterior.

ÁLEX ¡¡Está aberto!!

Álex volve prestar a súa atención á chamada de teléfono. Mentres fala, entra Román na estancia.

ÁLEX Dille ó xefe que vou mandar outro artigo. Pero desta vez vouno escribir eu. (...) Non o sei. Cando o teña xa o mando... Vale, xa falamos...

Álex garda o teléfono. Decátase da presenza de Román. Conforme falan, Álex vai relaxando o ton, entrando no de Román, afable e cariñoso.

ÁLEX Non sei a que vés pero estou ocupada.

ROMÁN Veño falar coa miña moza.

ÁLEX A túa moza ten que coidar un cativo e salvarlo pouco que lle queda de creto profesional.

ROMÁN ¿Podo axudar?

ÁLEX ¿Que tal se che dá cambiar cueiros?

ROMÁN Prefiro tombar paus cun machado.

ÁLEX Pois entón, de pouco me vales.

Román cóllea pola cintura. Dálle un bico. Outro.

ÁLEX ¡¡Eh, eh, eh!! ¿Que fas?

ROMÁN ¿Ti que cres?

ÁLEX ¿Escoitaches algo do que dixen?

ROMÁN Escoitei.

ÁLEX *(De chanza)* Pois entón, liscando.

ROMÁN E eu que pensei que ías estar de mellor humor...

Álex vólvese, intrigada. Mentres falan, Álex vai abrindo o portátil.

ROMÁN Pasei polo bar e contáronme que fixéche-las paces con Helena.

ÁLEX Contáronche..

ROMÁN Pois si. ¿Non é certo?

ÁLEX Non. Non o é. Pero iso pouco importa. Polo menos, a min.

Román está confuso. Álex medita como formular o que lle anda na cabeza.

ÁLEX Helena di que non escribiu o artigo. Eu digo que suplantou a miña identidade pra facelo. ¿A quen lle cres?

ROMÁN Ás dúas.

Álex queda amolada. Román intenta explicarse.

ROMÁN Está claro que ti non o escribiches. Pero Helena tampouco foi. Non ten sentido.

ÁLEX *(Doída)* Si. Si que o ten.

ROMÁN Veña, Álex...

ÁLEX Será mellor que marches. Como che dixen antes, aquí de pouco me vales.

Só que desta volta a frase ten un sentido ben distinto.. Vendo que non ten nada que facer, Román lisca. Álex senta diante do portátil. Refaise. Comeza a teclear.

25.27. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 1º)

TOMÁS, QUIQUE, DIEGO

Tomás entra no cuartel.

TOMÁS Diego, por favor, vai ó arquivo e trae o que haxa sobre a nai de Marga.

Estrañado, Diego érguese e sae polo corredor mentres Tomás entra no despacho e, cando Diego marchou, faille un xesto a Quique pra que entre.

25.28. CUARTEL/DESPACHO DE TOMÁS. INT. DÍA (DÍA 1º)

TOMÁS, QUIQUE

Quique entra.

TOMÁS Trae a pistola, por favor. E rápido.

Quique sae e (cortes breves) Tomás baixa as persianas. Senta e abre o trapo. Limpa a pistola.

Entra Quique coa bolsa de probas que contén a arma que apareceu na escena do crime. Dállea a Tomás, que a abre e substitúe unha arma pola outra.

QUIQUE Tenente...

TOMÁS Ti non viches nada, ¿oíches? Non tes nada que ver con isto.

Quique asente. Tomás devólvelle a bolsa de probas.

TOMÁS Esta é a arma que apareceu na escena do crime. Comproba o seu número de serie.

Quique sae. Tomás queda a soas no despacho, abatido, decepcionado consigo mesmo. Entra Diego. Téndelle uns papeis.

DIEGO Isto é o que hai sobre Carme. Un par de incidentes domésticos sen importancia... e algunhas multas sen pagar. Nada útil.

TOMÁS Grazas.

DIEGO Co teu permiso, vou subir á escena do crime e axudar a rexistra-la zona.

Tomás asente. Diego sae.

25.29. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 1º)

QUIQUE, DIEGO, TOMÁS

Diego vai saír cando Quique lle di:

QUIQUE Sarxento, xa comprobei o número de serie da pistola.

Diego párase e mira pra el.

DIEGO ¿E?

QUIQUE O número está manipulado... non corresponde con ningún titular.

Pausa. Diego ben sabe que está mentindo.

DIEGO Entendo... Grazas, Quique.

Diego sae. Quique mira a través do cristal a Tomás, que lle devolve a mirada, preocupado.

25.30. TRANSICIÓN PASO DE TEMPO.

*Vemos a vila, cuberta pola néboa.
Vemos un plano do monte.*

25.30. MONTE. EXT. DÍA (DÍA 1º)

DIEGO

25.31A. TABERNA/RESERVADO. INT. DÍA (DÍA 1º)

MARGA, RAQUEL, LUZ, PERITO

No monte, *Diego camiña mentres saca o móbil e fai unha chamada.*

Na taberna, *Marga responde ó móbil. Raquel está ó seu lado.*

MARGA Dime, Diego.

DIEGO Tomás cambiou a pistola.

MARGA ¿Como que cambiou a pistola?

DIEGO Fíxome saír cunha escusa e cando volvín... Quique díxome que o número de serie da arma enterrada non se correspondía con ningún titular.

MARGA Increíble...

DIEGO Só por manipula-las probas do caso poderíamos detelo. Está claro que foi el.

Un home (o perito calígrafo) acaba de aparecer na porta do reservado xunto a Luz.

MARGA Chámote despois.

Marga colga e mira pra Luz.

LUZ Pregunta por ti.

MARGA Grazas, Luz...

RAQUEL Pase. Sente, por favor.

Marga pecha a porta do reservado mentres o perito senta.

MARGA Necesito que compare dúas escrituras e me diga se son do mesmo home.

25.32. MONTE. EXT. DÍA (DÍA 1º)³

DIEGO, FIGURACIÓN

Abrimos sobre Diego collendo unha pa e cravándoa na terra. Diego uniuse á escavación na escena do crime. Hai varios gardas, entre eles el mesmo, cavando darredor do lugar no que apareceu o corpo.

Soa un teléfono que nos leva a:

25.33. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 1º)

QUIQUE, TOMÁS

O teléfono que soa é o de Quique, que responde.

QUIQUE Dime, Patri. (Conxélaselle o sangue) ¿Cando? Non, fíxeches ben. Explícocho despois, pero, por favor, non metas isto en ningún informe, ¿de acordo? Grazas.

Quique érguese e vai pra o despacho, onde agarda Tomás.

³ Esta secuencia está feita. Empregarase o material xa gravado dos episodios 23 e 24.

25.34. CUARTEL/DESPACHO DE TOMÁS. INT. DÍA (DÍA 1º)

TOMÁS, QUIQUE

Quique entra.

QUIQUE Diego e Marga saben que a pistola era súa.

Tomás mira pra el aterrado.

QUIQUE Mentres estabamos no dispensario comprobaron eles mesmos o número de rexistro da arma.

TOMÁS Así que cando ti e mais eu entramos no cuartel...

QUIQUE ...eles xa o sabían. Tenente, díxenlle a Diego que o número da arma era falso: deben supoñer que cambiámo-la arma.

TOMÁS Cambiamos non. Cambiei.

Pausa. Tomás intenta rearmarse.

TOMÁS En cuestión de minutos, Diego e Marga vanme deter por asasinato. Quero que te poñas da súa parte e que negues que me axudaches.

QUIQUE Tenente...

TOMÁS Vanme deter, Enrique. E sóbranlle razóns. Quérote á marxe.

25.31B. TABERNA/RESERVADO. INT. DÍA (DÍA 1º)

MARGA, RAQUEL, PERITO

(Cortes breves) O perito estuda as dúas mostras de letra (o papel do despacho de Tomás e unha carta) diante de Marga e Raquel.

Por fin ergue a mirada.

MARGA ¿Escribiunas a mesma persoa?

PERITO (Nega) Non. Estas mostras de letra son de dúas persoas diferentes.

PASO DE TEMPO INTERNO

O perito sae do reservado. Marga ábrelle a porta.

MARGA Grazas.

Marga vólvese cara a Raquel.

RAQUEL ¿E que? A pistola que estaba enterrada con mamá era de Tomás. É suficiente.

MARGA A letra debería ser súa.

RAQUEL Púidolle pedir a alguén que escribise esas cartas.

MARGA Non se arriscaría a meter a ninguén máis nisto.

RAQUEL Pois xa meteu a Quique, ¿non? Estalle axudando.

Pausa. Marga respira fondo.

MARGA Tes razón. Vouno deter agora mesmo.

25.35. MONTE. EXT. DÍA (DÍA 1º)

EVARISTO, HUGO, ROQUE, FIGUR. (CUADRILLAS DE EVARISTO)

Evaristo está a falar polo teléfono. De fondo, unha cuadrilla traballa. Chega Hugo no seu coche. Baixa del e achégase a onde está Evaristo mentres este está ó teléfono.

EVARISTO (...) Entendo que queirades que estea na directiva, pero non me sobra o tempo... (...) Poida que me interese se podo participar na comisión que negocia os prezos. (...) (Ó ver a Hugo axitado) Moi ben. Xa falaremos.

Hugo colle folgos. Evaristo garda o móbil.

EVARISTO Eran os de Confermadera. Ofrécenme un posto de vogal na directiva...

HUGO Tes que ver isto.

Téndelle un sobre.

EVARISTO (Ábreo) ¿Que é?

Evaristo le.

HUGO Facenda vainos auditar. Ó parecer, alguén nos demandou por irregularidades nos pagos.

EVARISTO ¿Alguén?

HUGO Gloria. Tivo que ser ela. Quere o serradoiro.

Evaristo sorrí.

EVARISTO Mordeu o óso e non o vai soltar...

Ás súas costas, soa a voz de Roque, alporizado.

ROQUE ¡¡¡Evaristo!!!

Avanza decidido cara a el. Algúns dos da cuadrilla plántanselle diante.

EVARISTO ¿E este que quere?

Roque desfaise dos homes de Evaristo dun empurrón.

ROQUE Isto non vai con vós. (Sinala a Evaristo) Vai con el.

Evaristo fai un sinal pra que o deixen. Os homes obedecen, pero mantéñense preto, alerta.

EVARISTO ¿Que che fixen eu agora?

Achégaselle, fálalle por riba da cara, cheo de carraxe.

ROQUE ¿Ademais de foder coa miña muller?

A Evaristo ensombréceselle o aceno.

EVARISTO Non sei que pensas...

ROQUE (Interrómpeo) Vina entrando na túa casa, cabrón fillo de puta.

Ó seu redor, están atentos. Hugo, disimulado, agarra unha estaca que ten á man.

EVARISTO Non pasou nada entre nós.

ROQUE ¿E pensas que cho vou crer?

EVARISTO Pensa o que queiras... Pero aquí, sobras.
Botádeo do meu monte.

Os homes collen a Roque. Empúrrano afastándoo de Evaristo. Roque resístese. Agrede un dos homes de Evaristo. Estes devólvenlla, dándolle golpes na cara. Hugo, preto deles, emprega a estaca contra el, no peito. Manda a Roque ó chan.

EVARISTO ¿Que facedes? Díxenvos que o botásedes. Máis nada...

Os homes recúan. Roque érguese. Dolorido:

ROQUE Un día destes non vas ter cans que te protexan... Ese día, habemos falar.

Roque afástase. Hugo achégase a Evaristo.

HUGO ¿Que queres que fagamos?

EVARISTO ¿Con el? Nada. Ti ocúpate de que teñan limpo este monte hoxe mesmo.

HUGO ¿Onde vas?

EVARISTO Toca facer visitas.

25.36. MONTE. EXT. DÍA (DÍA 1º)

GLORIA, EVARISTO, FIGURACIÓN (CUADRILLA)

Gloria está traballando coa cuadrilla.

GLORIA Eses paus ó tractor. (A un dos empregados) Torreiro, non che pagamos por fumar, ¿verdade? Ponte a traballar ou mañá será mellor que non veñas.

Chega Evaristo camiñando. Gloria veo e afástase da cuadrilla pra falar co seu ex.

GLORIA ¿Tomaches unha decisión?

EVARISTO Tomei. (Pausa) Vémonos no xulgado.

GLORIA Estás cometendo un erro.

EVARISTO Vou demora-la loita polo divorcio todo o que poida. Se cadra dentro de dez anos... te-lo serradoiro. Quen sabe.

Evaristo segue o seu camiño. Gloria, furiosa, volve coa cuadrilla.

GLORIA ¡Veña! ¡Bulide!

25.37. TABERNA. INT. DÍA (DÍA 1º)

PANCHO, SANTOS, LUZ, EVARISTO, FIGURACIÓN

Pancho e Santos entran desde o exterior. Santos achégase á barra, na que está Luz:

SANTOS Ruliña, dános un par de cervexas, anda... E apúntamas na miña conta, ¿eh, guapa?

LUZ Aquí non tes crédito.

SANTOS ¿E logo? ¿Non te fías de min?

LUZ Non.

PANCHO Luz. Págochas eu despois, ¿vale?

Luz retírase a collelas. Os dous homes sentan nuha mesa.

PANCHO Véxote moi tranquilo pra estares arruinado.

SANTOS O diñeiro non é un problema.

PANCHO Sen cartos vai custar moito arrancar. Non podemos mercar monte, nin contratar cuadrillas...

SANTOS Isto é temporal. Confía en min.

Entra Evaristo e vai directo á mesa de Santos.

EVARISTO Escóitame, desgraciado, non sei que negocios tes coa miña muller pero vaines esquecendo. O serradoiro é meu.

Evaristo non agarda resposta e sae.

SANTOS ¿É cousa miña ou o noso amigo está empezando a perde-los nervios?

PANCHO Evaristo é duro de roer.

SANTOS Eu aposto pola muller. É igual de cabrona pero ten un cu máis xeitoso.

25.38. TRANSICIÓN SERRADOIRO.

Actividade no serradoiro.

25.38. SERRADOIRO/OFICINA. INT. DÍA (DÍA 1º)

RAQUEL, SANTOS, GLORIA

Gloria téndelle a Raquel uns documentos.

GLORIA As toneladas que sacamos do monte. Comproba que está todo correcto.

Raquel colle os papeis e teclea no ordenador.

RAQUEL ¿Que vas facer agora, Gloria?

GLORIA Non sei a que te refires.

RAQUEL Evaristo é o novo xefe. Non creo que lle guste que andes por aquí.

GLORIA ¿Por que? Son boa no meu traballo.

RAQUEL As dúas sabemos como o conseguiches.

GLORIA Iso é algo que temos en común. Que nos deitamos cos nosos xefes.

Raquel encaixa o golpe.

GLORIA Santos polo menos non é un psicópata.

SANTOS Iso é o máis bonito que me dixeron hoxe.

Santos está na porta, acaba de entrar.

RAQUEL Fóra. Ti xa non podes entrar aquí.

SANTOS Só é unha visita de cortesía.

Raquel encamiñase cara á saída.

GLORIA ¿Onde vas?

RAQUEL Buscar alguén que o bote.

Raquel sae. Santos mira ó seu redor, divertido.

GLORIA ¿Que queres?

SANTOS Moi ben o temos pasado aquí, ¿va que si?

GLORIA Fala por ti. Eu non gardo tan bo recordo.

Santos sorrí. Gloria non. Mentres falan, Santos vaina acurralando.

SANTOS Preocupábame un pouco que non viñeses falar comigo. E tampouco me cólle-lo teléfono. Seguimos tendo un trato, ¿verdade?

GLORIA Evaristo aínda non asinou.

SANTOS Pero cando asine...

GLORIA O único que vas conseguir vindo aquí é complica-las cousas.

De súpeto, Santos agárrea pola gorxa.

SANTOS Escóitame ben. Pensas que es moi lista e se cadra os teus enredos funcionaron cos Fiúza, pero eu teño menos paciencia.

GLORIA *(Asustada)* Sóltame...

SANTOS Como ma xogues, acabas no fondo do río.

Santos sóltaa e sae.

Gloria queda agarrándose da gorxa, dorida.

25.39. MONTE. EXT. DÍA (DÍA 1º)⁴

DIEGO, FIGURACIÓN

Diego está escavando cando... se detén. Atopou algo. Non vemos o que é.

⁴ Esta secuencia está feita. Empregarase o material xa gravado dos episodios 23 e 24.

25.40. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 1º)

MARGA, TOMÁS, QUIQUE, RAQUEL

Entra Marga seguida de Raquel. Mira ó despacho: baleiro. Quique está no seu posto.

MARGA ¿Onde está o tenente?

Quique sinala a sala de interrogatorios, onde vemos a Tomás sentado.

QUIQUE Está agardando por vostede.

MARGA (A Raquel) Espera aquí.

Marga entra na sala de interrogatorios.

25.41A. CUARTEL/SALA DE INTERROGATORIOS. INT. DÍA (DÍA 1º)

MARGA, TOMÁS, QUIQUE, RAQUEL

Marga entra na sala, na que Tomás agarda sentado, abatido e rendido. Ela pecha a porta.

TOMÁS Vésme deter polo asasinato da túa nai.

Pausa.

MARGA A pistola era súa, tenente.

Tomás asente.

MARGA E vostede e Quique cambiárona por outra.

TOMÁS Quique non fixo nada. Fun eu.

Pausa. Marga senta.

MARGA ¿Matouna vostede?

TOMÁS Non.

MARGA Cónteme que pasou aquela noite.

Tomás mira a Raquel a través do cristal.

TOMÁS Creo que Raquel tamén debería escoitar isto.

Marga faille un xesto a Raquel, que entra e senta ó carón de Marga, observando a Tomás cunha mestura de medo e carraxe.

TOMÁS Carme e... *(corríxe)* a vosa nai e mais eu tiñamos unha relación.

Mira pra elas.

TOMÁS Non pareceades moi sorprendidas.

RAQUEL Recordei algunhas cousas daquela noite.

TOMÁS *(Asente, esboza un sorriso)* Si, é certo... ti estabas alí.

RAQUEL *(Incorpórase coma un resorte)* Isto non é unha viaxe á nostalgia, Tomás.

NOTA PRA MONTAXE: Insertados durante o discurso de Tomás, a modo de flashazos, veremos distintos momentos da sec. 24.82 (xa gravada), que faremos coincidir coa narración de Tomás.

TOMÁS Perdoa... *(Retoma)* Carme e Moncho tiñan problemas. É importante que entendades que Moncho non era o mesmo có de agora: bebía a tódalas horas, perdía a cabeza... e facía que Carme a perdese tamén. *(Pausa)* Como dixen, como sabedes... Carme e mais... O noso non ía a ningures; ela estaba casada e eran outros tempos. Pero eu quería. Quería de verdade. Aquela noite, Carme contoume que pelexara con Moncho. Non fora unha pelexa normal, unha discusión das que tiñan acotío... Non. Chegaran ás mans... Estaba morta de medo. Temía que Moncho perdese a cabeza de todo e quería marchar. Queríavos levar con ela. Tiña tanto medo... Eu quería lle axudar... Non sabía como... Alí estaba eu. Tiven unha idea. Deixarlle a miña arma...

MARGA Deulle unha pistola a unha muller que tiña problemas co marido e que pensaba fuxir coas súas fillas.

TOMÁS Non son parvo. Deilla pero sen balas, pra que puidese asusta-lo teu pai se aparecía antes de que fuxisen.

MARGA A arma estaba cargada cando a atopamos.

TOMÁS *(Sabedor da fragilidade do seu argumento)* Xa o sei. Tivo que colle-lo cargador. Non sei como.

MARGA Por favor, meu tenente...

TOMÁS *(Tallante)* Carme estaba desesperada, pensaba que Moncho podía intentar calquera cousa e eu... eu só quería que ela puidese fuxir. Non que asasinase a teu pai.

Pausa.

RAQUEL Oh... pobre Tomás... Foi todo por amor, ¿non? E resulta que ti e-la vítima nesta historia.

TOMÁS Non, eu non son a vítima... pero tampouco o asasino. Deille a pistola a túa nai e marchei da casa. Eu non a matei.

RAQUEL ¿E por que teño que crer iso cando *(enumera)* mentiches, falseaches probas, deixaches que o meu pai durmise no calabozo...?

TOMÁS ¿Por que me tes que crer? Porque ti estabas alí; ti víchesme saír da casa, Raquel.

Raquel non sabe como reaccionar.

TOMÁS Estabas agochada nas escaleiras.

O rostro de Raquel e:

25.42. CASA DE MARGA. INT. NOITE (FLASHBACK 1982)⁵

TOMÁS, CARME, RAQUEL NENA

Raquel nena está nas escaleiras, observando a cociña. Ve como Tomás e Carme se abrazan. Uns instantes. Sepáranse. Antes, Tomás bota unha breve ollada ás escaleiras e ve a Raquel nena, que enseguida se agocha e desaparece escaleiras arriba.

Tomás sae da casa.

⁵ Confirmar en montaxe a necesidade de facer esta secuencia, en función do xa gravado na sec. 24.82.

25.41B. CUARTEL/SALA DE INTERROGATORIOS. INT. DÍA (DÍA 1º)

MARGA, TOMÁS, QUIQUE, RAQUEL

25.43. MONTE. EXT. DÍA (DÍA 1º)

DIEGO

No cuartel, Raquel pensa, recorda, engurra o cello...

RAQUEL (Desconcertada) É certo. Vino marchar da casa.

TOMÁS (A Marga) Eu non a matei. Non lle faría dano a Carme por nada do mundo... Pero o único que tes é a miña palabra e... (sinala a Raquel) o recordo dunha nena. Sei que non é suficiente e que non che poden pedir que me axudes. Así que se me tes que deter, Marga... adiante.

Pausa. Marga mira pra el.

TOMÁS O xuíz quere algo sólido, Marga. Decide se me queres presentar como sospeitoso do crime.

Marga vai dicir algo pero, nese momento, soa o seu móbil. Marga responde.

MARGA Dime...

No monte, Diego está a falar polo seu móbil, apoiado nun coche da Garda Civil. A carón deles, algún garda quita o peto branco da Científica.

DIEGO Atopei algo.

MARGA ¿O que?

DIEGO Prefiro contarcho en persoa. E en privado. Isto podería aclaralo caso.

MARGA Na miña casa en vinte minutos.

DIEGO Feito.

No cuartel, Marga colga o móbil e mira pra Tomás.

MARGA Hai unha proba nova que apareceu na escena do crime. Cando a revise e teña tódolos datos... decidirei.

Tomás asente.

MARGA (A Raquel) Necesito falar con el a soas.

Raquel asente. Érguese.

25.44. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 1º)

RAQUEL, MARGA, TOMÁS, FIGURACIÓN (GARDAS)

Raquel sae da sala de interrogatorios. Colócase preto da entrada, onde non molesta.

25.45. CUARTEL/SALA DE INTERROGATORIOS. INT. DÍA (DÍA 1º)

TOMÁS, MARGA

Marga e Tomás quedan a soas na sala.

TOMÁS Ti dirás.

MARGA Vostede e a miña nai.

TOMÁS Sinto que o soubeses así. En realidade... o mellor era que non o soubeses de ningunha maneira.

MARGA ¿Meu pai sabíao?

TOMÁS Creo que o sospeitaba.

MARGA ¿Cando empezou? Se ela quería fuxir do meu pai, ¿por que non fuxir con vostede? ¿Por que a miña nai...?

TOMÁS (Interrompe) Foi hai trinta anos, Marga. Mellor non remexer niso.

MARGA O corpo da miña nai apareceu enterrado no monte, tenente: vou remexer nisto ata que descubra o que pasou.

Marga sae.

25.46. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 1º)

MARGA, RAQUEL, TOMÁS, QUIQUE

Marga sae do despacho e vai cara á saída, onde agarda Raquel.

MARGA Imos.

As dúas marchan, con Raquel botando unha última ollada desconfiada a Tomás.

Quique observa como as dúas marchan. Tomás sae da sala.

QUIQUE ¿Que vai pasar, meu tenente?

TOMÁS Acaban de atopar algo na escena do crime... A investigación segue aberta.

QUIQUE ¿E vostede?

TOMÁS Hai trinta anos cagueina ben cagada. Dun xeito ou doutro, acabareino pagando.

25.47. TABERNA. INT. DÍA (DÍA 1º)

LUZ, GLORIA, MARÍA, SILVIA, ROMÁN, FIGURACIÓN (CLIENTES)

María está na barra.

Gloria, sentada nunha mesa, le o xornal. Achégase Luz e sérvelle unha copa de viño.

GLORIA Deixa a botella.

LUZ (Obedece) ¿Hoxe non traballas?

GLORIA Son a xefa. Estou traballando. ¿Non o ves?

Luz cabecea, pero non pode evitar sorrir. Vai cara á barra. Alí, María:

MARÍA (Sinala ó reservado) Lévalles algo de picar, anda... Que así aforro face-la cea.

No reservado están Silvia e Román. Imos con eles.

25.48. TABERNA/RESERVADO. INT. DÍA (DÍA 1º)

SILVIA, HELENA, ROMÁN, (MARÍA OFF)

Silvia e Román están sentados nunha mesa. Román bebe unha cervexa. Silvia un refresco. Conversa iniciada.

ROMÁN A túa irmá ten que estar a piques de chegar. Temos problemas no viveiro e estamos botando unha man.

SILVIA Se só fose no viveiro..

Román dálle un grolo á cervexa. Mira a Silvia. Agarda un momento e:

ROMÁN Iso vasmó ter que explicar.

SILVIA Mira, a miña irmá é.. especial. Non especial tipo bonito. Especial das que hai que ter coidado con elas.

ROMÁN *(Sen tomala moi en serio)* Amor de irmás.

SILVIA Falo en serio. O que di Álex de que escribiu o artigo no seu lugar..

ROMÁN Paranoias.

SILVIA Pois eu penso que é certo.

Helena entra no bar. Román decátase desde o reservado. Mentres falan, Helena dálle un bico á nai e entra no reservado onda eles.

ROMÁN Pois aí está. Preguntémoslle a ela.

SILVIA *(Atemorizada)* Mellor non lle digas nada.

ROMÁN ¿Por que? ¿Vaiche facer algo?

Silvia baixa a vista, amedrentada. Helena entra no reservado.

HELENA Ei, qué tal..

Dálle un bico na meixela a Román. Este fala sen darlle importancia ó que di.

SILVIA *(Tenta escapulirse)* Eu mellor marchoo..

ROMÁN Non marches, que así saio de dúbidas.

HELENA ¿De que?

SILVIA De nada...

ROMÁN Vó-las dúas tivestes unha infancia complicada, ¿non?

HELENA ¿Por que?

ROMÁN Silvia tamén pensa que fuches ti quen escribiu o artigo.

HELENA ¿Ai, si?

Silvia non sabe onde meterse. Helena crávalle a mirada.

ROMÁN Así que supoño que o voso vén de lonxe.

HELENA O que pasa é que a miña irmá é parva e eu non.

MARÍA (OFF) ¡¡Roque!! ¿Que che pasou?

Corte a:

25.49. TABERNA. INT. DÍA (DÍA 1º)

ROQUE, MARÍA, GLORIA, LUZ, SILVIA, ROMÁN, FIG (CLIENTES)

Roque acaba de entrar no local. Na cara, as feridas polos golpes dos homes de Evaristo. Leva a man ó peito, onde Hugo lle golpeou coa estaca. María acódeo.

ROQUE Pregúntalle a Evaristo. Tedes confianza, ¿non?

Silvia e Román entran desde o reservado.

SILVIA ¡¡Papá!!

ROQUE Tranquila, filla, estou ben...

Luz, atenta ó que acontece, lévalle unha bolsa con xeo. María cóllea. Vailla colocar na cara ó seu home. Este aparta a cara.

ROQUE Dixen que estou ben.

Decátase da presenza alí de Román.

ROQUE "Meu pai non é como o pintan".

Román non sabe que dicir.

MARÍA Imos ó médico, anda...

Axudado por Silvia, Roque encamiñase cara á saída. Séqueos María. Román queda amolado.

Desde a súa mesa, Gloria non perdeu detalle.

Pero falta alguén nesta escena. Corte a:

25.50. TABERNA/RESERVADO. INT. DÍA (DÍA 1º)

HELENA

Helena está soa, de costas á entrada. Ausente. Mirada fixa, perdida. Rabuña contra a mesa, nun xesto obsesivo, agresivo.

25.51. VIVEIRO/PENDELLO. INT. NAT. DÍA (DÍA 1º)

HELENA

Helena soa. Mesma mirada; mesma obsesión. Entra no pendello. Decidida. Colle unha bolsa, ou un pequeno bote (moi recoñecible). Busca algo. O saco con sulfato, no que vemos ben claro o sinal de "velenoso". Enche a bolsa (ou o bote) con el.

AS SEGUINTESECUENCIAS VAN MONTADAS EN PARALELO:

25.52A. CASA DOS FIÚZA. INT. DÍA (DÍA 1º)

EVARISTO, GLORIA

Evaristo abre a porta, deixando entrar a Gloria, que trae uns documentos na man.

EVARISTO Creo que ti e mais eu xa falamos todo o que había que falar.

GLORIA Asínaos.

Evaristo mira os papeis, estrañado.

GLORIA É o acordo de divorcio, cun contrato no que me céde-la túa parte do serradoiro.

EVARISTO Ou estás xorda ou non me coñeces.

Fai amago de devolverllos, pero ela non os colle.

GLORIA Claro que te coñezo, Evaristo, coñézote moi ben... Por iso sei que o vas facer. (*Senta no sofá*) Ou esa amiga túa, María, vaille ter que explicar algunhas cousas ó seu home... Cousas como que anda fodendo contigo na nosa casa.

25.53A. DISPENSARIO. INT. NAT. DÍA (DÍA 1º)

MARÍA, ROQUE, MARTÍN

Martín faille as curas a Roque: na cara ou unha vendaxe no peito.

María fai o xesto de collerlle a man, pero Roque arrédalla. Martín ve o xesto.

MARTÍN Eu aquí rematei. Vou redactar un informe, por se queres presentar denuncia.

Roque asente.

MARTÍN Volvo nun minuto.

Martín sae. Quedan sós.

MARÍA Entre Evaristo e mais eu non hai nada. Creme, por favor.

25.52B. CASA DOS FIÚZA. INT. DÍA (DÍA 1º)

EVARISTO, GLORIA

Gloria e Evaristo seguen falando.

GLORIA Verás que éxito cando lle conte que esta mañá vos atopei na nosa cama.

EVARISTO As túas mentiras xa non as cre ninguén...

GLORIA *(Ri)* ¿Co que lle gusta á xente desta vila bota-la lingua a pacer? Vano crer todos.

EVARISTO Roque non.

25.53B. DISPENSARIO. INT. NAT. DÍA (DÍA 1º)

MARÍA, ROQUE, MARTÍN

María e Roque seguen falando.

ROQUE Quero confiar en ti...

MARÍA Non sei por que Evaristo che fixo isto. Nin como se acabou convertendo nun ser tan despreziable e covarde... Non é o home que coñecía.

25.52C. CASA DOS FIÚZA. INT. DÍA (DÍA 1º)

EVARISTO, GLORIA

Gloria cala un instante. Despois sorrí e:

GLORIA Roque tamén. E máis despois do que lle fixestes hoxe no monte. Ti mirando mentres os teus matóns lle zoupaban. Es un valente.

25.53C. DISPENSARIO. INT. NAT. DÍA (DÍA 1º)

MARÍA, ROQUE, MARTÍN

María e Roque seguen falando.

MARÍA Quérote. Ti e-lo único que me importa.

Abrázanse.

25.52D. CASA DOS FIÚZA. INT. DÍA (DÍA 1º)

EVARISTO, GLORIA

Evaristo e Gloria seguen falando.

GLORIA Así que... Tócache elixir. O serradoiro ou foderlle a vida á túa amiga.

Gloria volve poñerlle diante os contratos.

GLORIA ¿Que vas facer, Evaristo?

Evaristo queda en silencio.

FIN DO PARALELO

25.54. CASA DOS FIÚZA/DESPACHO. INT. DÍA (DÍA 1º)

GLORIA, EVARISTO

Os contratos. Unha man que os asina. É a de Evaristo.

GLORIA Quen o diría. Parece que esa muller che importa de verdade.

EVARISTO ¿Moléstache?

GLORIA Un pouco. A min nunca me puxeches por diante dos teus negocios.

EVARISTO Será que non o merecías. *(Téndelle os contratos)* Toma. Que che aproveite mentres poidas.

GLORIA Só intento facer algo por min mesma.

EVARISTO Como testafarro de Santos. Un traballo triste.

GLORIA Vallo máis ca iso, Evaristo. E ti xa o deberías saber. Acabo de quedar co teu serradoiro.

Gloria garda os documentos.

PASO DE TEMPO A NOITE**25.55. CASA DE MARGA. INT. NOITE (DÍA 1º)**

MARGA, RAQUEL, DIEGO

Raquel está sentada, agardando. Marga camiña nerviosa pola cociña, mirando o reloxo.

MARGA Diego está tardando.

RAQUEL Para quieta, anda, estasme poñendo dos nervios. *(Marga para, apoiándose na cociña. Pausa)* ¿Sábe-lo peor? Esta sensación de estar ás escuras cando se fala de mamá, mesmo Tomás sabe máis dela ca nós.

MARGA Nós non sabemos nada dela. Cústame pensar nela coma a miña nai. Por veces é só... unha vítima de asasinato. E por outra banda...

Raquel senta, disposta a escoitar.

MARGA Levo toda a miña vida facéndome unha pregunta: ¿por que marchou? E sempre me daba a mesma resposta: pola miña culpa.

RAQUEL Iso é unha parvada.

MARGA Xa o sei. Agora tamén sei que non marchou. Que a mataron. Que non foi culpa miña. Case é un alivio...

Chaman á porta, o que rompe o momento. Marga sae a abrir. É Diego.

MARGA Quedamos hai media hora.

DIEGO Necesitaba comprobar algo.

MARGA ¿Que atopaches?

Diego entra, achégase á mesa e saca unha bolsa de probas.

DIEGO Isto estaba enterrado preto do cadáver e da pistola.

Colle un guante de látex e úsao pra retirar o que hai dentro da bolsa: un coitelo (o que vimos ó comezo do episodio) manchado de sangue seco (e terra e demais).

RAQUEL ¿Iso é sangue?

DIEGO Si, é sangue. Iso é o que necesitaba comprobar. Do mesmo grupo sanguíneo. Están analizando o ADN.

RAQUEL ¿Matárona... con este coitelo?

DIEGO É o máis probable. O que non entendo é por que Tomás levaba dúas armas... a pistola e un coitelo.

Pausa. Marga queda mirando pra o coitelo como hipnotizada.

MARGA A pistola non a levaba o tenente.

RAQUEL Deulla á miña nai.

DIEGO A ver, explicádeme iso.

MARGA Interroegueino... Cóntocho despois, pero... penso que non foi el.

DIEGO Pois as nosas opcións pasan porque haxa algo máis neste coitelo, algunha pegada, algo que nos diga quen era o seu dono.

MARGA *(Segue coa mirada cravada no coitelo)* Sei quen é o seu dono.

Marga colle o coitelo cun guante entre os dedos. Érguese con el e vai cara á cociña. Achégase a un caixón e saca varios coitelos. Escolle un par deles. Compáraos co que hai na bolsa de probas. Mesmo modelo; mesma marca no mango de madeira. Pausa; a Marga case non lle saen as palabras:

MARGA O coitelo é de papá.

Pausa.

RAQUEL Iso non significa nada...

DIEGO Ten o sangue da vítima.

RAQUEL Puido collelo alguén e... matala con el, ¿non?

Pausa.

DIEGO Síntoo, Raquel...

RAQUEL Non, espera, iso non significa que fose papá...
¿Marga?

Marga non di nada.

RAQUEL Marga...

Marga mira a Diego e asente.

DIEGO (A Marga) Síntoo. De verdade.

25.56. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. NOITE (DÍA 1º)

TOMÁS, QUIQUE, MONCHO, DIEGO, MARGA, RAQUEL

Abrimos sobre a imaxe de Quique levando a Moncho polo corredor ata a sala de interrogatorios. Méteo dentro.

Marga, Raquel e Diego observan desde a zona común, sentados nas mesas do fondo. Tomás observa desde o seu despacho.

RAQUEL Quero falar con el.

DIEGO Ímolo interrogar, Raquel.

RAQUEL Ou falo con el ou chamo un avogado.

Diego mira a Marga e esta asente. Raquel sae pra a sala de interrogatorios.

DIEGO Sabes que ti non vas poder interrogalo.

Marga asente.

DIEGO De feito, deberíamos chamar alguén de fóra, alguén de Comandancia.

MARGA Non, faino ti.

DIEGO Vai ser duro, Marga. Non sei se poderei mante-la...

MARGA Quero que sexas ti. Por favor. Non quero un estraño preguntándolle ó meu pai se é un asasino.

Diego asente.

DIEGO Imos deixar que pase a noite aquí. Mañá empezamos.

25.57. CUARTEL/SALA DE INTERROGATORIOS. INT. NOITE (DÍA 1º)

RAQUEL, MONCHO

Abrimos sobre o rostro de Raquel, sentada fronte a seu pai.

RAQUEL Non digas nada, ¿de acordo? Ti mantente en que non recordas nada daquela noite.

MONCHO ¿Que está pasando, Raquel? ¿Non tiñan xa ó asasino?

RAQUEL Tanto ten o que che pregunten e as probas que che poñan diante... ti non recordas nada.

Moncho asente.

25.58. CASA DOS PARDO. INT. NOITE (DÍA 1º)

SILVIA, HELENA

Silvia entra desde o exterior con chave propia. Parece que non hai ninguén na casa.

SILVIA ¿Helena?

Helena asoma desde a cociña.

HELENA Estou aquí. ¿E papá?

SILVIA Quedaba no dispensario. Estanlle facendo as curas.

HELENA Seguro que non foi nada. ¿Queres un café?

A Silvia chamúsalle tanta amabilidade, tanto sorriso franco da irmá. Dubida que responder.

SILVIA Vale.

Imos con Helena. Con ela seguimos a conversa mentres prepara o café. Mentres falan, vemos como bota o café, o

leite e unha culler de sulfato que saca da bolsa (ou bote) que xa vimos (na sec. 25.15). Nalgún momento da conversa, Silvia asoma á cociña, nerviosa, incómoda polo pouco sutil interrogatorio. Pero non chega a ver o que fai súa irmá.

HELENA Entón, ¿que foi o que lle dixeches a Román?

SILVIA ¿De que?

HELENA Veña, que nos coñecemos...

SILVIA Pois nada... Nada importante... Estiven contándolle de cando eramos nenas...

HELENA ¿E de Álex? ¿Do artigo?

SILVIA Pois non sei...

Helena entra na sala. Coloca o café na esquina da mesa. Seguen falando.

HELENA ¿Dixécheslle que o escribira eu?

SILVIA Non sei... Puido ser. Puido entendelo así. Non lembro o que lle dixen...

Helena non perde o sorriso. Dálle un bico na meixela a Silvia. Acarícialle o pelo.

HELENA Lembro cando eras unha cativa, todo o día chorando, rosmando... Só calabas cando xogaba contigo...

Silva está paralizada, intimidada pola irmá.

HELENA Eras moi pequena... As irmás teñen que coidarse unhas ás outras.

SILVIA Claro.

HELENA Apoiarse...

Pausa.

HELENA Sabes canto me gusta Román.

SILVIA Seino. E tamén sei que ten moza.

HELENA Álex é mala xente. Non lle convén.

SILVIA Iso terá que dicilo el, ¿non?

HELENA Román está cego. Eu só lle estou axudando a abri-los ollos, que vexa quen é Álex.

SILVIA Helena...

HELENA Que vexa que é comigo con quen ten que estar.

Momento tenso. Helena volve sorrir.

HELENA ¿Non estás de acordo?

Silvia dubida. Pero, intimidada, acaba asentindo. Helena dálle unha aperta. Silvia déixase. Helena aproveita pra empurrar ó chan a cunca con café envelenado.

HELENA Mimá... Qué torpe son.

Vai cara á cociña.

HELENA Deixa que xa o limpo eu.

PASO DE DÍA

25.59. CUARTEL/SALA DE INTERROGATORIOS. INT. DÍA (DÍA 2º)

MONCHO

Moncho, só na estancia, esgotado. A tensión pode con el.

25.60. CUARTEL/DESPACHO DE TOMÁS. INT. DÍA (DÍA 2º)

DIEGO, MARGA, TOMÁS

Tomás, sentado na mesa, fala con Marga e con Diego.

TOMÁS (A Diego) Así que... vas interrogar ti a Moncho.

DIEGO (Asente) É petición de Marga.

TOMÁS Tes que estar disposto a empregarte a fondo. Témo-lo seu coitelo e temos unha camisa manchada co seu sangue... Non vas interrogar a Moncho, o pai de Marga; vas interroga-lo sospeitoso claro dun asasinato.

DIEGO Xa o sei.

MARGA Quero estar presente.

TOMÁS Non.

MARGA Sen intervir, só como observadora.

TOMÁS Non, Marga.

MARGA Por favor. *(A Diego)* Por favor.

Diego mira a Tomás e asente.

TOMÁS *(Respira fondo, non moi convencido)* De acordo.

25.61. CUARTEL/SALA DE INTERROGATORIOS. INT. DÍA (DÍA 2º)

MONCHO, DIEGO, MARGA

Diego e Marga entran na sala de interrogatorios. Diego leva unha caixa de probas que deixa sobre a mesa e senta. Marga queda de pé, detrás.

DIEGO Cóntame o que pasou aquela noite.

MONCHO Xa vos contei o que sei, non recordo o que...

DIEGO *(Interrompe)* Non, non, Moncho... xa non trago iso de que non recórda-lo que pasou. Quero que mo contes todo.

MONCHO *(Mira a súa filla)* Marga...

Marga, doída, mantén o silencio.

DIEGO Marga non vai intervir. *(Pausa)* Sei que mataches a Carme. Acabáronse as mentiras, Moncho.

25.62. CASA DOS FIÚZA. INT. DÍA (DÍA 2º)

HUGO, MARÍA, EVARISTO

No despacho, Hugo está gardando nunha carpeta as copias do contrato asinadas por Gloria. Evaristo, claramente contrariado, mira pola fiestra, de costas a Hugo.

HUGO Fixéche-lo que tiñas que facer.

Evaristo cala.

HUGO Pasea-los nosos libros contables por un xulgado non é precisamente o que nos convén.

EVARISTO E perde-lo serradoiro si que o é.

HUGO Evaristo...

EVARISTO Sei que tes razón. Pero agora mesmo, a razón impórtame unha merda.

Timbran na porta.

EVARISTO Vai abrir, anda.

Escoitamos a Hugo saír, abrir a porta...

Mentres, Evaristo segue coméndose. Volve Hugo.

HUGO Tes visita.

Evaristo dá a volta. Sae do despacho. Alí, no medio da estancia, está María. Hugo non precisa que lle digan nada.

HUGO Vou ir rexistrar estes contratos. Se precisas calquera cousa...

Evaristo asente. Hugo sae. Cando quedan a soas:

EVARISTO Non contaba con verte.

María fala con carraxe. Evaristo sabe que ten a partida perdida.

MARÍA ¿Que foi o que che pasou?

EVARISTO María...

MARÍA Cando eras novo, cando non eras ninguén... ti non eras así.

EVARISTO Así, ¿como?

MARÍA Non eras quen de darlle unha malleira a un home. Ó meu home.

EVARISTO Non sei que queres que che diga.

MARÍA Nada.

Pausa.

EVARISTO Entón, ¿a que viñeches?

MARÍA A dicirche que non te quero volver ver.

María non ten máis que dicir. Encamiñase cara á porta, disposta a saír.

EVARISTO É curioso..

María desde a porta, vólvese pra escoitalo.

EVARISTO Haiche ben poucas cousas que quixen nesta vida... Hoxe perdinas todas.

Pero a María xa pouco lle importa. Sae.

25.63. TABERNA/RESERVADO. INT. DÍA (DÍA 2º)

SANTOS, PANCHO, GLORIA, LUZ, FIGURACIÓN (CLIENTES)

Santos e Pancho están agardando.

PANCHO ¿E agora que? ¿Imos obrigar a Gloria a vender?

SANTOS *(Nega)* Que xogue a muller de negocios. Ela pon a cara, nós quedamos cos cartos.

PANCHO Non sei se estará de acordo.

SANTOS Ti preocúpate de conseguirme clientes. Temos un lote de madeira e ninguén a quen venderlla.

Gloria entra no reservado.

PANCHO A nova xefa.

SANTOS ¿Quéreslle facer unha reverencia?

Gloria chega onda eles. Pero non senta:

SANTOS Parabéns, Gloria. Perdiches un marido, pero gañaches un socio.

Santos ofrécelle a man, pero ela déixalla no aire.

GLORIA Non sei de que me falas.

SANTOS Tiñamos un acordo.

GLORIA Non o lembro. ¿Telo por escrito?

PANCHO (A Santos) Díxencho.

SANTOS Gloria, ¿de verdade me queres roubar? ¿A min?

GLORIA Se me pos unha man enriba volves ó caldeiro. E eu non penso retira-la denuncia.

Gloria vai marchar, pero xírase.

GLORIA En todo caso, se buscades traballo, hai vacantes nas miñas cuadrillas.

Gloria sae. Ante a mirada censora de Santos:

SANTOS (A Pancho) Mellor ela que Evaristo.

PANCHO ¿E xa está? ¿Non vas facer nada?

SANTOS (Ri) Todo ó seu tempo. O primeiro é conseguir cartos.

25.64. TRANSICIÓN SERRADOIRO. EXT. DÍA

Actividade no monte.

Actividade no serradoiro.

25.64. SERRADOIRO/OFICINA. INT. DÍA (DÍA 2º)

TERESA, GLORIA

Teresa está lendo os contratos que lle tendeu Gloria. Devólvellos.

TERESA Bo traballo.

GLORIA A idea foi súa.

TERESA Si... O único que me pesa é non ve-la cara de Evaristo mentres asinaba estes papeis. Pobre imbécil.

GLORIA ¿E agora vai deixar que dirixa esta empresa?

TERESA Claro, filla. Mentres fága-lo que eu che diga, podes dirixi-lo que che pete.

25.65. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 2º)

RAQUEL, TOMÁS, QUIQUE, MARGA, MONCHO, DIEGO

Raquel, nerviosa, agarda fóra da sala de interrogatorios, sentada xunto á mesa de Quique, observando a través do cristal da sala. Ve a Diego e a Moncho falando. Ó seu carón está Marga. No despacho está Tomás.

25.66. CUARTEL/SALA DE INTERROGATORIOS. INT. DÍA (DÍA 2º)

DIEGO, MARGA, MONCHO

Diego fala con Moncho.

DIEGO ¿Como pasou, Moncho? ¿Matáchela na casa e despois enterráchela no monte?

MONCHO Non, non, iso non pasou...

DIEGO Pensei que non recordába-lo que pasara.

MONCHO Eu non a matei.

DIEGO ¿Por que o fixeches? ¿Pola súa relación con Tomás?

Moncho mira a Marga.

DIEGO Marga xa o sabe. Sabémolo todos. A túa muller tiña un amante, ti puxécheste furioso e a cousa acabou mal. ¿Foi así, Moncho?

MONCHO *(Dubida, afúndese)* Non...

DIEGO Matáchela na casa, leváchela ó monte e enterráchela xunto co resto de probas.

MONCHO Non...

DIEGO Despois pedícheslle a alguén que escribise esas cartas por se algunha vez necesitabas unha coartada, ¿non?

MONCHO Non, non, eu non as escribín, pensaba que Carme estaba viva.

DIEGO Para xa, Moncho. Confesa e acaba con isto. Por ti e polas túas fillas.

Diego abre a caixa de probas e saca a bolsa co coitelo dentro.

DIEGO Atopamos isto xunto ó corpo.

Moncho pecha os ollos, roto.

DIEGO O teu coitelo. Con sangue de Carme. É a arma coa que a mataches... ¿Non si?

Moncho tapa a cara coas mans.

MONCHO Deus...

25.67. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 2º)

RAQUEL, TOMÁS, QUIQUE, MARGA, MONCHO, DIEGO

Na zona común, Raquel segue a observar.

Quique fai un xesto ó despacho, o tenente asente (sabe que Quique ten que saír) e Quique sae.

Raquel ve na sala de interrogatorios a Moncho coa cara tapada coas mans, desfeito.

25.68A. CUARTEL/SALA DE INTERROGATORIOS. INT. DÍA (DÍA 2º)

DIEGO, MARGA, MONCHO

Diego continúa baixo a mirada de Marga, que hai momentos en que non pode nin mirar ó seu pai afundido.

DIEGO Mira o coitelo, Moncho. ¡Mírao!

Moncho aparta as mans e mira o coitelo. E entón...

25.69A. CASA DE MARGA. INT. NOITE (FLASHBACK 1982)

MONCHO, CARME

O rostro de Moncho, bébedo, confuso, furioso. Mira algo no chan: a equipaxe que estaba facendo Carme.

25.68B. CUARTEL/SALA DE INTERROGATORIOS. INT. DÍA (DÍA 2°)

DIEGO, MARGA, MONCHO

Volvemos ó cuartel, á sala de interrogatorios.

MONCHO *(Mirada baixa)* Por favor... que Marga saia de aquí.

MARGA Non. Di o que teñas que dicir.

MONCHO *(Sen mirala)* Por favor.

Diego érguese e faille un xesto a Marga de que a siga fóra.

25.70. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 2°)

TOMÁS, RAQUEL, DIEGO, MARGA

Todos agardan expectantes fóra. Diego sae con Marga.

DIEGO Tes que quedar fóra. Necesito rematar isto.

Marga dubida, pero asente, angustiada. Vai onda Raquel.

RAQUEL ¿Que pasa?

25.71A. CUARTEL/SALA DE INTERROGATORIOS. INT. DÍA (DÍA 2°)

MONCHO, DIEGO

Diego volve entrar na sala e senta diante de Moncho.

DIEGO Estamos sós, Moncho. Acabemos con isto dunha vez.

Moncho volve mirar o coitelo. E:

25.69B. CASA DE MARGA. INT. NOITE (FLASHBACK 1982)

MONCHO, CARME

Retomamos a imaxe de Moncho angustiado, do que ve: a equipaxe que estaba a facer Carme. Pero agora vemos algo máis: Carme está sentada no chan. Case tirada. Mira pra el, mirada ida. Son flashazos, apenas distinguimos nada. Moncho ten sangue na roupa. Na man o coitelo ensanguentado.

25.71B. CUARTEL/SALA DE INTERROGATORIOS. INT. DÍA (DÍA 2º)

MONCHO, DIEGO

Volvemos con Moncho, que mira a súa man. A man trémelle.

DIEGO Vamos, Moncho. Dío.

MONCHO Fun eu.

Pausa.

MONCHO Eu matei a Carme.

Diego asente, abatido. E sae da sala de interrogatorios.

25.72. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 2º)

MONCHO, DIEGO, MARGA, RAQUEL, TOMÁS

Tomás sae do despacho e únese ós demais na expectación. Diego achégase a Marga.

DIEGO Foi el.

MARGA Non...

DIEGO Acaba de confesar. (A Tomás) Avisa o xuíz; témo-lo asasino.

RAQUEL Non, non...

Raquel vai ir cara á sala de interrogatorios. Tomás impídello.

TOMÁS Raquel...

RAQUEL ¡Non!

TOMÁS Vamos...

*Tomás abraza a Raquel.
Marga mira a Diego con bágoas nos ollos.*

DIEGO Síntoo...

Marga, de súpeto, sae cara á sala de interrogatorios sen que ninguén a pare. Entra.

25.73. CUARTEL/SALA DE INTERROGATORIOS. INT. DÍA (DÍA 2º)

MONCHO, MARGA

Marga entra e queda mirando pra o seu pai. Moncho míraa, desfeito.

MARGA Necesito que mo digas a min.

Silencio.

MARGA ¡Papá!

MONCHO Ataqueina co coitelo... fun eu.

MARGA Estabas borracho coma unha cuba. ¿Estasme dicindo que fuches capaz de leva-lo corpo ó monte, enterralo e te-la lucidez de desfacerte das probas?

MONCHO Non recordo o que fixen despois...

MARGA ¡Non recordas nada! ¿Víchela morrer?

MONCHO Vin... recordo como caeu no chan despois de que eu...

MARGA ¿Víchela morrer?

MONCHO *(Case non lle quedan forzas)* Xa está ben, Marga, por favor.

25.74. CUARTEL/ZONA COMÚN. INT. DÍA (DÍA 2º)

TOMÁS, DIEGO, MARGA, RAQUEL, MONCHO, FIG., (QUIQUE OFF)

Dous gardas levan a Moncho polo corredor ante a mirada de Marga e Raquel, abrazadas. Diego está detrás, na súa mesa. Tomás está na porta do seu despacho. Silencio no cuartel. Sobre os rostros de Marga, Diego e Tomás escoitamos:

QUIQUE(OFF) As cousas están sendo difíciles no cuartel. Demasiada tensión, demasiada implicación persoal.

25.75. DISPENSARIO. INT. NAT. DÍA (DÍA 2º)

QUIQUE, MARTÍN

Quique está sentado no dispensario. Martín está diante del.

QUIQUE Iso acabou afectándome, pero estou ben.

MARTÍN Iso direino eu. Quéroche facer un seguimento pra asegurarme. E vouche receitar algo, un medicamento suave e así controlamos esas crises de ansiedade.

Quique asente mentres Martín se pon a escribir a receita.

MARTÍN A outra opción é que déixe-lo traballo..

QUIQUE (Seco) Iso non vai pasar.

Martín supoñíao. Sorrí. Volve escribir.

MARTÍN ¿Como o leva Marga? (Corrixe) A sarxento... O da súa nai...

QUIQUE Acaba de descubrir que mataron a súa nai hai trinta anos. Á parte diso, ben.

MARTÍN ¿Marga está agora no cuartel? Gustaríame falar con ela.

QUIQUE Non creo que sexa bo momento.

MARTÍN Xa.

Dálle a receita.

QUIQUE Grazas, doutor.

MARTÍN Nada de volver a automedicarte. E toma as cousas con calma.

Quique asente e sae. Quedamos co rostro de Martín.

25.76. CASA DOS SOUTELO. INT. DÍA (DÍA 2º)

TERESA, MARTÍN, MARÍA

María está outra vez traballando na casa dos Soutelo. Está rematando de poñer a mesa. Teresa baixa as escaleiras.

TERESA ¿Chegou o meu sobriño?

MARÍA Aínda non... ¿Dona Teresa?

TERESA ¿Si?

MARÍA Queríalle agradecer que me gardase o traballo estes días. Foron un verdadeiro pesadelo e...

Teresa, á que lle importa ben pouco o que María lle teña que dicir, interrómpea.

TERESA Xa. Moi ben. De nada. ¿Te-la comida feita?

MARÍA Por suposto. Agora a sirvo.

María desaparece cara á cociña.

Teresa agarda de pé, inquieta. A mesa está posta. Entra Martín na estancia desde o exterior.

TERESA ¿Parécenche horas?

MARTÍN Estaba traballando, miña tía. Un día tiña que probar.

TERESA ¿O que?

MARTÍN A traballar..

Martín sorri pola súa propia chanza. Teresa nin se inmuta.

TERESA ¿A xente vai ó médico á hora de xantar?

MARTÍN A xente vai ó médico cando pode.

Teresa vai retrucar pero Marín fréaa cun xesto.

MARTÍN Imos te-la comida en paz.

Teresa acouga. Martín vaise preparando pra sentar.

MARTÍN ¿Vostede lémbrese de Carme Varela?

Teresa queda conxelada.

TERESA *(Disimula)* Non. ¿Debería?

MARTÍN É a nai de Marga, a muller de Moncho.

TERESA Ahhh... A pendanga esa que desapareceu hai trinta anos.

MARTÍN Esa mesma. O que pasa é que non desapareceu. Asasinárona. Hai trinta anos.

Teresa acusa o golpe. Mantén a compostura a duras penas. Quedamos con ela.

MARTÍN A Garda Civil está investigando o caso... Pobre Marga. É a súa nai. A sabe-lo que lle estará pasando pola cabeza.

Pero Teresa hai tempo que deixou de escoitar. A voz de Martín vaise apagando sobre o seu rostro conxestionado.

25.77. TALLER DE EVARISTO. INT. DÍA (DÍA 2º)

EVARISTO, HUGO

Hugo observa a Evaristo traballar a madeira.

HUGO Sinto que as cousas acabasen así, sei canto querías ese serradoiro.

EVARISTO Heino recuperar. *(Pausa)* Se llo quitei a Santos, tamén llo podo quitar a Gloria.

Deixa o traballo.

EVARISTO Se acabaches, gustaríame estar só.

HUGO Claro... *(Vai retirarse, pero recorda algo)* Hai algo máis. Querías estar ó tanto sobre o caso que investiga a Garda Civil...

EVARISTO A morte de Carme... ¿Algunha novidade?

HUGO Acusan a Moncho. Parece que o van procesar.

EVARISTO ¿A Moncho?

HUGO Seica tiñan unha relación... bastante violenta.

EVARISTO Parvadas... El non a matou. *(Pausa)* Estaba claro que esa muller ía acabar mal...

Evaristo volve ó choio.

HUGO ¿Ti... sabes algo sobre ese asunto?

EVARISTO O que todos.

Hugo mírao intrigado. Evaristo segue traballando.

EVARISTO Esa muller... Deus... Trinta anos sen saber dela e segue dando problemas.

PASO DE TEMPO A NOITE

25.78. CASA DE MARGA. INT. NOITE (DÍA 2º)

RAQUEL, ÁLEX, MARGA

Raquel, desfeita, está sentada na cociña lendo algo no ordenador. Baixa Álex polas escaleiras.

RAQUEL Estaba lendo o teu artigo sobre Serramoura... É precioso...

Álex pecha suavemente o ordenador.

ÁLEX Imos pelexar, ¿non? Non imos deixar que condenen o avó.

RAQUEL Imos pelexar.

ÁLEX Mamá, ¿ti pensas que el...?

RAQUEL Non. El non a matou. Estou completamente segura.

ÁLEX ¿E que pensa Marga?

Entra Marga. Quita o abrigo, en silencio, ante a mirada da súa irmá e da súa sobriña. E diríxese a elas.

MARGA Vou demostrar que papá non a matou. Sei que vai ser difícil...

25.79. CUARTEL/DESPACHO DE TOMÁS. INT. NOITE (DÍA 2º)

TOMÁS, (MARGA OFF)

Tomás está sentado no seu despacho.

MARGA (OFF) ...porque hai demasiada xente mentindo, ou contando medias verdades sobre o que pasou hai trinta anos,...

25.80. TALLER DE EVARISTO. INT. NOITE (DÍA 2º)

EVARISTO, (MARGA OFF)

Evaristo está traballando na súa mesa de carpinteiro. Detense, coma se non fose quen de concentrarse.

MARGA (OFF) ...e porque non hai máis probas que os recordos... e sei que algúns van oculta-lo que saben;...

25.81. LOCUTORIO. INT. NOITE (DÍA 2º)

MONCHO, (MARGA OFF)

Moncho está sentado no locutorio (sen contexto visual, que pareza a prisión).

MARGA (OFF) ...mesmo papá está calando cousas sobre mamá e sobre o pasado...

25.82. CASA DOS SOUTELO. INT. NOITE (DÍA 2º)

TERESA, MARÍA, (MARGA OFF)

Teresa baixa as escaleiras da casa levando unha carpeta e algo máis na man. Vai pra o xardín. Ó fondo, vemos que María asoma por unha porta e obsérvaa.

MARGA(OFF) ...Non sei quen matou a mamá nin por que, pero non foi papá. Prométovos que vou atopar a quen o fixo. Custe o que custe.

25.83. CASA DOS SOUTELO/XARDÍN. INT. NOITE (DÍA 2º)

TERESA, MARÍA, (MARGA OFF)

(Por cortes breves) Teresa deixa un caldeiro sobre a mesa do xardín. Abre a carpeta que ten na man, saca varios documentos e tíraos dentro do caldeiro. A outra cousa que levaba na man é líquido inflamable. Bota un chorro dentro do caldeiro e préndelle lume. Ve como empezan a arder os documentos e sae.

MARGA(OFF) Buscarei a tódolos que saiban algo, a tódolos que recorden algo... a tódolos que teñan algunha información sobre a morte de mamá.

María entra no xardín, ve o caldeiro cos papeis ardendo e bota unha ollada. Rescata un dos papeis, que só está queimado por un bordo.

MARGA(OFF) ...porque por moito que pasasen trinta anos, sempre queda un rastro. Sempre. E vouno atopar.

María mira o papel, preocupada, asombrada.

FIN DO EPISODIO 25